

CONCRECIÓN CURRICULAR

CEIP Plurilingüe SANTIAGO DE
OLIVEIRA

CURSO 2023-2024

Código centro: 36016942

Telf. 886120782

Correo electrónico: ceip.santiago.oliveira@edu.xunta.gal

Página WEB: ww.edu.xunta.es/centros/ceipsantiagooliveira

Índice

1.- Adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro.....	3
2.- Contribución á adquisición das competencias.....	5
3.- Criterios para incorporar elementos transversais.....	6
4.- Criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.....	7
5.- Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos.....	9
6.- Os criterios para o deseño das actividades complementarias.....	10
7.- Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso.....	11
8.- Os criterios xerais para a avaliación e a promoción.....	12
9.- Os criterios xerais do outorgamento de mencións honoríficas.....	14
10.- As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas..	14
11.- Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.....	15
12.- O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.....	16

1.- Adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro.

Somos un centro que pon as súas bases na convivencia por parte de toda a comunidade educativa. O noso papel fundamental é mellorar para orientar e guiar cara unha convivencia pacífica, solidaria e respectuosa. Para conseguir este obxectivos teremos en conta a integración das diferenzas individuais e culturais dos seus membros, a innovación para adaptarnos aos cambios que vivimos, estar aberto á formación continua e a colaboración coas distintas institucións para crear un clima favorable na comunidade educativa.

Así, os obxectivos da Educación Infantil e da Educación Primaria, van encamiñados a desenvolver nas nenas e nenos as seguintes capacidades:

- Educación Infantil:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomenten a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

- Educación Primaria:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construcións de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

2.- Contribución á adquisición das competencias.

O desenvolvemento das competencias abordarase desde todas as áreas curriculares de xeito interdisciplinario. As **competencias** que debemos desenvolver son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia plurilingüe (CP).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM).
- Competencia dixital (CD).
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- Competencia cidadá (CC).
- Competencia emprendedora (CE).
- Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo é preciso incorporar certas estratexias de actuación no exercicio docente encamiñadas a deseñar tarefas motivadoras para o alumnado que partan de situacións-problema reais e se adapten aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe de cada alumno/a, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e fomentando o traballo en equipo, facendo uso de métodos, recursos e materiais didácticos.

3.- Criterios para incorporar elementos transversais.

Os elementos transversais son liñas que impregnan, vinculan e conectan todas as materias do currículo e, polo tanto, favorecen unha visión de conxunto. De feito, o seu tratamento debe ser necesariamente multidisciplinar, xa que a súa propia natureza exclúe o seu encasillamento nunha área ou materia concreta do currículo. É fundamental coñecelos, observalos e promovelos desde todas as áreas.

Os elementos transversais débense tratar en todas as áreas como contidos implícitos e aparecen recollidos nos artigos 15 e 16 do D. 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de Educación Infantil e no artigos 16 e 17 do D. 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de Educación Primaria coa finalidade de que o alumnado alcance o seu máximo desenvolvemento integral.

Son os seguintes:

- A comprensión da lectura
- A expresión oral e escrita
- A comunicación audiovisual
- A competencia dixital
- O fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento
- A igualdade entre mulleres e homes
- A educación para a paz e resolución pacífica de conflitos
- A educación ambiental, para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable
- A educación para a saúde
- A educación afectivo-sexual
- A educación emocional
- A educación en valores
- A interculturalidade
- A educación cívica e constitucional

Os elementos transversais traballaranse:

- A través do PAT no que se integran contidos relacionados coa convivencia, a resolución de conflitos, as habilidades sociais e o desenvolvemento emocional.
- Implicándose en conmemoracións de datas sinaladas no calendario escolar para sensibilizar ao alumnado.
- Participando nas actividades propostas dende o equipo de biblioteca, de convivencia, de TIC, de actividades extraescolares e de normalización lingüística.
- A través de diversas actividades programadas en colaboración con outras entidades como as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado (Plan Director).
- Fomentando a educación para a saúde, a través da alimentación saudable (nas merendas que traen ao centro), fomentando o exercicio e uns adecuados hábitos hixiénicos despois do deporte (aseo e ducha).
- Colaborando en actividades encamiñadas ao coidado do medio ambiente, tanto o máis próximo (o que rodea ao centro) como o máis afastado e creando unha actitude respectuosa por todo o relacionado co medio natural.
- Fomentando a análise crítica das mensaxes que transmiten os medios de comunicación, a publicidade, lecturas e situacións da vida cotiá; rexeitando contidos sexistas ou discriminatorios polas diferenzas entre as persoas.

- Contribuíndo a que todo o alumnado, independentemente da súa procedencia e identidade, aprenda a convivir na nosa escolar como espazo democrático, libre de racismo e intolerancia, preparándoos para a vida nunha sociedade multicultural.
- Modificando hábitos discriminatorios por sexo e procurando utilizar unha linguaxe non sexista e programar actividades e tarefas cooperativas asignando responsabilidades dentro do grupo por igual.

4.- Criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.

O **Decreto 150/2022, do 8 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o currículo de EI, establece que a metodoloxía basearase en experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas, na experimentación e o xogo. As áreas deben entenderse como ámbitos de experiencia intrínxicamente relacionados entre sí. Velarase por garantir desde o primeiro contacto unha transición positiva desde a contorna familiar á escolar, así como a continuidade entre ciclos e etapas.

O **Decreto 155/2022, do 15 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o currículo de EP, establece que a metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Prestará atención ao desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contexto da vida real.

Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

Cabe destacar que a acción docente que se leva a cabo no centro é o resultado da coordinación permanente co profesorado e cun contacto directo co departamento de orientación, co fin de lograr un desenvolvemento do proceso educativo e que exista unha liña de traballo común.

As liñas xerais metodolóxicas do noso centro son:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e adaptarse aos seus ritmos de aprendizaxe.
- Conectar cos seus intereses e necesidades, axustando a metodoloxía a súa realidade.
- Partir dos coñecementos previos e ir avanzando nos novos contidos.
- Papel activo do alumnado no proceso de ensino/aprendizaxe.
- Motivadora coa intención de manter o esforzo e a persistencia nas tarefas, polo que é importante introducir ferramentas e recursos motivadores.

- Preparada para ofrecer ao alumnado retos e conectar coa realidade.
- Se priorizará a comprensión dos contidos fronte á aprendizaxe mecánica.
- Traballará a comprensión e expresión lectoras así como a expresión oral.
- Se fomentará o pensamento crítico e lóxico que poida levar á reflexión e o respecto dos demais.
- Se lle dará máis importancia ao proceso que ao resultado, o que implica valorar a participación e o esforzo do alumnado.
- Importancia da titorización entre iguais.
- Fomentará a autonomía progresiva, a creatividade, a reflexión persoal e o sentido crítico do alumnado.
- Potenciará o traballo cooperativo e as actividades participativas combinándoas con outras de tipo individual.
- Empregará distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento das habilidades.
- Introducirá a avaliación no proceso de aprendizaxe con propostas de autoavaliación e coavaliación.
- Terá en conta que o alumnado aprende de distintas formas e a ritmos diferentes.
- Traballará as emocións con todo o grupo-clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas para establecer propostas de mellora.
- Favorecerá o desenvolvemento de habilidades sociais, comunicativas e empáticas.
- Énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- Se considerará o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe.
- Fomentará unha estreita comunicación e relación coas familias.

5.- Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos.

O centro aposta pola diversificación de materiais curriculares e didácticos que sexan acordes coas diversas características e necesidades do alumnado.

Así establécense unha serie de criterios xerais que deben proporcionar unha resposta efectiva a todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Son os seguintes:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Coherencia e correspondencia cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación recollidos no proxecto educativo do centro.
- A variedade das actividades para a atención ás diferenzas individuais.

- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
- Diversos recursos para desenvolver os proxectos sinalados para cada curso.
- Facilitade de uso, versatilidade, dispoñibilidade, reutilizables, abertos e motivadores para o alumnado.
- Faciliten aprendizaxes significativos e transferibles a outras situacións mediante unha continua actividade mental.

Promoverase:

- O acceso de todas as aulas aos recursos dixitais, de experimentación e bibliográficos. Cada aula conta con suficientes recursos dixitais, así como quendas organizadas para o acceso á biblioteca e a aula de polos creativos empregando todos os medios dos que dispoñen.
- O emprego de material reutilizable minimizando o uso do plástico para mellorar a saúde ambiental e que sexa máis rentable.

Con respecto aos recursos humanos estes son:

- Profesorado titor e especialistas.
- Comisión de coordinación pedagóxica.
- O Departamento de Orientación.
- Alumnado e familias.
- ANPA.
- Administración Educativa.

6.- Os criterios para o deseño das actividades complementarias.

Partindo da premisa da importancia que supón a realización de actividades complementarias na formación plena do alumnado, no noso centro potenciamos o desenvolvemento das mesmas, permitindo unha maior participación da comunidade educativa na súa organización e realización.

Este tipo de actividades promoven valores relacionados coa socialización e participación no alumnado, así como un sentimento de pertenza a un grupo ou comunidade, neste caso, escolar. Favorecen a autonomía e responsabilidade e axudan a adquirir habilidades sociais e de comunicación.

Tamén intentamos que o tipo de actividades que plantexamos favorezan a curiosidade, interese e sensibilidade do noso alumnado e que sirvan para ampliar o seu horizonte cultural.

Os criterios organizativos establecidos que marcan a selección e organización das actividades complementarias que se realizan co alumnado son:

- Solicitar información de cada titor/a en relación coas actividades complementarias propostas para ser realizadas dentro ou fóra do centro, coa súa distribución temporal, o

profesorado implicado, os medios necesarios, número de alumnos e relación con outras áreas.

- Realización de reunións periódicas cos titores/as para concretar as súas necesidades e preferencias relacionadas coas actividades complementarias e ver ata que punto poden ser levadas a cabo.
- Contactar coa asociación de nais e pais do centro para recoller suxestións e solicitar a súa colaboración naquelas actividades que o requiran.
- Traballar conxuntamente con aquelas institucións que promovan calquera iniciativa que se considere interesante para o alumnado.
- Informar ao Consello escolar das actividades propostas para cada curso escolar.
- Coordinación con outros equipos para propor actividades e que non se solapen e tamén co equipo directivo para o desenvolvemento das mesmas.

O centro traballará cada curso escolar o proxecto multidisciplinar que será o fío condutor dos traballos realizados polos diferentes equipos nas celebracións ao longo do curso e ademais non esqueceremos as distintas conmemoracións establecidas no calendario escolar.

Participaremos tamén noutras actividades que vaian xurdindo ao longo do curso como poden ser, as actividades ofertadas polos concellos ou outras entidades e aquelas outras que se vaian incluíndo posteriormente dende a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

7.- Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso.

O equipo docente que imparte clases ao alumnado decidirá sobre a súa promoción, tendo especial consideración a opinión do profesorado titor. No caso de que **NON promocióne**, o equipo docente elaborará un *plan específico de reforzo* para que durante o seguinte curso o alumno/a poida alcanzar o grao de adquisición das competencias e desenvolverase ao longo de todo o curso. Esta medida ten carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Para a elaboración do plan específico seguirase o modelo do centro (recollido no PXAD), baseado no artigo 50 da Orde 8 de setembro de 2021.

Cando un alumno/a acada a **promoción de curso** con algunha área con **cualificación negativa** recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior. O profesorado responsable da materia pendente elaborará un *plan de reforzo e recuperación* para o seguinte curso, orientado a alcanzar as aprendizaxes que lle permitan continuar con éxito o

curso que comeza. Para a elaboración deste plan seguirase o modelo do centro (recollido no PXAD), baseado no artigo 50 da Orde 8 de setembro de 2021.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento dos plans específicos e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento. Trasladarase a información ás familias.

8.- Os criterios xerais para a avaliación e a promoción.

*Según a Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o D. 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da E. Infantil e se regula a avaliación nesa etapa educativa, a avaliación no 2º ciclo de E. Infantil será **global, continua e formativa.***

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos das áreas da etapa serán os criterios de avaliación que figuran para cada unha das áreas no anexo II do D. 150/2022, do 8 de setembro. Promoverase o uso xeneralizado de técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado. A **observación directa e sistemática** constituirá a principal técnica do proceso de avaliación, sen prexuízo do posible emprego doutras técnicas como a análise das producións do alumnado e as entrevistas coas familias.

Sen en calquera momento do curso, se detecta que o progreso dunha alumna ou dun alumno non é o axeitado, estableceranse as medidas máis adecuadas para continuar o seu proceso educativo.

O equipo docente do grupo estará constituído polo profesorado responsable da avaliación das áreas que curse o alumnado. Ao longo do curso realizáranse unha sesión de avaliación inicial, como mínimo 3 sesións de avaliación parcial e unha sesión de avaliación final. Estas sesións serán coordinadas pola persoa titora de grupo e nelas participará o equipo docente deste. Contarase co asesoramento da xefatura do departamento de orientación e co apoio do equipo directivo.

A titora ou titor levantará acta de desenvolvemento da cada unha das sesións de avaliación, na que se fará constar a asistencia do profesorado, os asuntos tratados e as decisións e acordos acadados.

O equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial para analizar os datos e a información obtida durante as primeiras sesións lectivas do curso, así como outra información relevante coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión do seu proceso de aprendizaxe.

Ao longo do curso realizaranse, cando menos, 3 sesións de avaliación parciais para cada grupo. A derradeira destas sesións deberá coincidir coa avaliación final.

O equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, levará a cabo a avaliación final do alumnado nunha única sesión, que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso. A persoa titora elaborará un informe final de curso de cada alumno/a, no cal se reflectirán os datos máis relevantes do proceso de avaliación continua. Ademais, ao finalizar 6º curso, a persoa titora elaborará un informe final de etapa sobre o progreso global de cada alumno/a.

As nais, pais ou as persoas titoras legais do alumnado poderán solicitar no centro a revisión das decisións adoptadas no proceso de aprendizaxe do seu fillo/a na avaliación final e, no caso de continuar o desacordo, poderán presentar unha solicitude de reclamación ante a xefatura territorial.

*Según a Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o D. 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da E. Primaria e se regula a avaliación nesa etapa educativa, a avaliación en E. Primaria será **global, continua e formativa**.*

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos das áreas da etapa serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II do D. 155/2022, do 15 de setembro. Os referentes no caso do alumnado con AC serán os incluídos na devandita adaptación, sen que iso poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

Promoverase o uso xeneralizado de técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado. Sen en calquera momento do curso, se detecta que o progreso dunha alumna ou dun alumno non é o axeitado, estableceranse as medidas máis adecuadas para continuar o seu proceso educativo.

O equipo docente do grupo estará constituído polo profesorado responsable da avaliación das áreas que curse o alumnado. Ao longo do curso realizáranse unha sesión de avaliación inicial, como mínimo 3 sesións de avaliación parcial e unha sesión de avaliación final. Estas sesións serán coordinadas pola persoa titora de grupo e nelas participará o equipo docente deste. Contarase co asesoramento da xefatura do departamento de orientación e co apoio do equipo directivo.

As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción, á avaliación das competencias clave e a todo aquilo que incida no proceso educativo da cada alumno/a tomando en consideración a información e o criterio do titor/a. A titora ou titor levantará acta de

desenvolvemento da cada unha das sesións de avaliación, na que se fará constar a asistencia do profesorado, os asuntos tratados e as decisións e acordos acadados.

O equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial para analizar os datos e a información obtida durante as primeiras sesións lectivas do curso, así como outra información relevante coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión do seu proceso de aprendizaxe. Esta avaliación inicial en ningún caso implicará cualificación para o alumnado.

Ao longo do curso realizaranse, cando menos, 3 sesións de avaliación parciais para cada grupo. A derradeira destas sesións deberá coincidir coa avaliación final.

O equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, levará a cabo a avaliación final do alumnado nunha única sesión, que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso. O equipo docente, coordinado pola persoa titora, consignará na acta de avaliación final as cualificacións das competencias clave.

A persoa titora elaborará un informe final de ciclo, ao finalizar os cursos 2º, 4º e 6º da etapa, no cal se reflectirá o grao de adquisición das competencias clave de cada alumno/a e, de ser o caso, as medidas que se deben prever no ciclo ou na etapa seguinte. Ademais, ao finalizar a etapa, a persoa titora elaborará un informe final de etapa sobre o progreso global de cada alumno/a. O informe final de 3º ciclo poderá ser substituído polo informe final de etapa.

Ao finalizar os cursos 2º, 4º e 6º de E. Primaria no proceso de avaliación o equipo docente tomará as **decisións de promoción** tendo en conta os seguintes criterios de promoción:

- *O alumnado promocionará ao seguinte curso se xa foi adoptada a medida ordinaria de permanencia dun ano máis no curso.*

- Valorarase a NON PROMOCIÓN do alumnado que teña avaliación negativa en tres áreas e non alcance o grao de adquisición das competencias correspondentes.

A promoción no resto de cursos da etapa será automática. A decisión de permanencia no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oída á familia.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha **área con cualificación negativa** recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase no curso anterior.

O alumnado que **non acade a promoción** permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno/a, o equipo docente

considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Neste caso, o equipo docente elaborará, baixo a coordinación do profesorado titor, un *plan específico de reforzo* para que, durante ese curso, a alumna ou alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes.

Para a elaboración e seguimento do dito *plan específico de reforzo* seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021.

As nais, pais ou as persoas titoras legais do alumnado que non estean de acordo coas cualificacións ou decisións de promoción adoptadas na avaliación final, poderán solicitar cantas aclaracións consideren precisas á persoa titora ou ao profesorado, de acordo co procedemento establecido nas normas de organización, funcionamento e convivencia do centro.

No caso de que persista o desacordo, a nai, pai ou as persoas titoras legais do alumnado poderán solicitar por escrito á dirección do centro a revisión da devandita cualificación ou decisión, no prazo de dous días hábiles contados a partir do día seguinte a aquel en que se produciu a súa comunicación.

Se tras o procedemento de revisión no centro persiste o desacordo coa cualificación final ou coa decisión sobre a promoción, a nai, pai ou a persoa titora legal do alumno/a poderá presentar por escrito á dirección do centro unha reclamación ante a Xefatura territorial, no prazo de 2 días hábiles a partir do día seguinte ao da comunicación sobre a decisión adoptada. A dirección do centro, no prazo máis breve posible remitirá o expediente á xefatura territorial.

No 4º curso de E. Primaria, todos os centros docentes realizarán unha *avaliación de diagnóstico* das competencias clave adquiridas polo seu alumnado. Terá carácter informativo, formativo e orientador para os centros docentes, para o profesorado, para o alumnado e as súas familias.

9.- Os criterios xerais do outorgamento de mencións honoríficas.

O alumnado que o rematar 6º na etapa de primaria obtivese un 60% de deces(10) nas súas cualificacións e, ademais, o equipo docente considere, na sesión de avaliación final, que reúne outras habilidades, destrezas e actitudes, poderá recibir a *Mención Honorífica*. A proposta de mención honorífica farase constar na acta de avaliación.

10.- As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas.

Según establecen os artigos 14 e 15 dos Decretos 150/2022 e 155/2022, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Infantil e Primaria respectivamente, os centros elaborarán as programacións didácticas seguindo as decisións e os criterios xerais da concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.

Estarán ademais guiadas polo estilo pedagóxico do noso centro, recollido no Proxecto Educativo e as instrucións da Inspección Educativa.

Cada docente do CEIP Santiago de Oliveira elaborará a principio de curso, respectando os prazos establecidos, as programacións das áreas que imparte. Seguirá o esquema de referencia recollido na aplicación PROENS.

Así as programacións do noso centro reflicten os seguintes **indicadores**:

1. Introducción
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias
3.1. Relación de unidades didácticas
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas
3.3. Avaliación das unidades didácticas
4.1. Concrecións metodolóxicas
4.2. Materiais e recursos didácticos
5.1. Procedemento para a avaliación inicial
5.2. Criterios de cualificación e recuperación
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias
6. Medidas de atención á diversidade
7.1. Concreción dos elementos transversais
7.2. Actividades complementarias
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora
9. Outros apartados

10.1. Distribución CA por UD (por OBX)
10.2. Distribución CA por UD (por Bloque)
10.3. Orientacións pedagóxicas: Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe

Cada docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada área, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

11.- Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.

O noso centro desenvolve a súa autonomía pedagóxica e organizativa levando a cabo, entre outras prácticas, plans e proxectos reflectidos no seu Proxecto educativo en Programación xeral anual, onde participa de xeito anual.

Os **criterios** que nos levan a participar nos diferentes proxectos, plans e programas son aqueles que:

- Nos axudan a mellorar o éxito escolar e previr o abandono educativo do alumnado.
- Nos axudan a conseguir unha escolar na que os conflitos se intenten resolver por medio da negociación e o diálogo.
- Fomenten o uso cotián da tecnoloxía por parte de toda a comunidade educativa.
- Fomenten a aprendizaxe a través do xogo e a experimentación.
- Permitan crear lectores/as eficientes e alumnos/as competentes lingüisticamente.
- Fomenten a aprendizaxe de idiomas e o respecto por outras culturas.
- Fomente o traballo cooperativo, competencial e interdisciplinar.

Algúns dos **plans, proxectos e programas** que se levan a cabo no centro son:

- Plan de actividades complementarias e extraescolares.
- Plan anual de lectura.
- Plan de atención á diversidade.
- Plan de dinamización da lingua galega.
- Plan de Igualdade.
- Plan de convivencia escolar.
- Plan TIC
- Plan Proxecta.
- Plan de adaptación en Educación Infantil.
- Plan Director.

- Plan de actividades propostas pola ANPA
- Programas de **Innovación Educativa**:
 - Plan de mellora de bibliotecas escolares.
 - Proxecto biblioteca creativa.
 - Plan dixital de centro.
 - Radio escolar.
 - Proxecto Edixgal.
 - Plan Estratéxico de Mellora (PROA+)
 - Polos creativos.

12.- O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.

O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular, realizarase periodicamente modificando o que sexa preciso, tendo en conta os resultados da avaliación e axustándonos as modificacións legislativas que poidan xurdir.

A finalidade é adaptarse ás necesidades e características tanto do centro educativo, como do profesorado e alumnado.

A concreción curricular do CEIP Santiago de Oliveira está realizada polo equipo directivo, a comisión de coordinación pedagóxica e o claustro. Dito documento orienta ao profesorado na súa actuación docente, para garantir a súa coherencia e o seu cumprimento.

Aprobación e Publicidade:

MODIFICADA POLO EQUIPO DIRECTIVO E CCP	APROBADA POLO CLAUSTRO
DATA: 30/04/2024	DATA: 30/04/2024
Data publicidade na páxina web do centro: 03/05/2024	